

## IV. ENTIDADES LOCAIS

### CONCELLO DA MERCA

*CONVOCATORIA E BASES REGULADORAS PARA A CREACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO TEMPORAL DE AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A, MEDIANTE CONCURSO DE MÉRITOS CON ENTREVISTA*

Mediante a Resolución da Alcaldía núm. 2024-0349, do 27 de xuño, aprobáronse as bases que rexen a convocatoria para a creación dunha bolsa de emprego temporal de auxiliar administrativo/a, mediante concurso de méritos con entrevista e a convocatoria para a creación dunha bolsa de emprego temporal de auxiliar administrativo/a que permita cubrir de forma temporal, mediante contratos de duración determinada por circunstancias da produción, xa sexa por causas imprevisibles ou previsibles, as necesidades municipais que poidan presentarse nos servizos de Administración xeral municipais, mediante o sistema de concurso de méritos con entrevista, cunha vixencia desde o día seguinte á súa aprobación ata o 31/12/2025.

Os/as interesados/as poderán presentar a solicitude no Rexistro Xeral do Concello ou a través de calquera dos medios que recolle a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, no seu artigo 16, no prazo de dez (10) días hábiles, que contarán desde o día seguinte á publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

O texto íntegro das bases reguladoras da convocatoria están publicadas no taboleiro de anuncios, na páxina web municipal ([www.amerca.gal](http://www.amerca.gal)) e no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello da Merca(<https://amerca.sedelectronica.gal>)

Os sucesivos anuncios desta convocatoria, cando procedan, de conformidade coas bases, publicaranse na sede electrónica deste concello e no taboleiro de anuncios.

Contra as presentes bases, que poñen fin á vía administrativa, pódese interpor alternativamente ou un recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes, que contará desde o día seguinte á publicación do presente anuncio, ante a Alcaldía deste concello, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou un recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ourense ou, á súa elección, o que corresponda ao seu domicilio, no prazo de dous meses, que contará desde o día seguinte á publicación do presente anuncio, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa.

Se se optase por interpor o recurso de reposición potestativo, non poderá interpor o recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se producise a súa desestimación por silencio.

Todo iso sen prexuízo de que poida exercitar calquera outro recurso que considere pertinente.

A Merca, 28 de xuño de 2024. O alcalde.

Asdo.: José Manuel Garrido Sampedro.

**R. 1.778**

